



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. O 06.05.2025 esta dirección territorial ditou resolución pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Camelle, publicando a puntuación das embarcacións no Anexo I desa resolución.
2. O 06.05.2025 a confraría de pescadores de Camelle envía un escrito no que indica que a embarcación LILIANA (CFPO 57029), que figura na lista aberta, non está asociada á dita confraría nin participa no plan de xestión do recurso específico PERCEBE. Comprobado este particular, constátase que esta embarcación está en estado de baixa dende o 31.07.2023.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.
2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.
3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Camelle e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).
4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.
5. A embarcación LILIANA está en estado de baixa definitiva, co que non está incluída no plan de xestión do recurso específico PERCEBE da confraría de pescadores de Camelle. Polo tanto, ten que causar baixa na lista aberta para incremento de cotas de captura.





6. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Camelle e publicar a puntuación das embarcacións no Anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Camelle.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero

Por ausencia (Resolución 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Camelle

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4-3-03	5,00	4,00	1,00	10
MARIA ELENA	CO-4-1782	0,00	4,00	3,00	7,00
NUEVO ANAMAR	CO-4-9-05	5,00	0,00	2,00	7,00
ROSAL	CO-4-3-05	0,00	4,00	3,00	7,00
SILVIA	CO-4-1840	0,00	3,60	3,00	6,60
A PERCEBEIRA	CO-4-10-05	0,00	4,00	2,00	6,00
MARIMAR	CO-4-1962	0,00	4,00	2,00	6,00
NUEVA GIRALDA	CO-4-5-04	0,00	3,60	2,00	5,60
CARMEN	CO-4-190	0,00	4,00	1,00	5,00
CELIA G	CO-4-6-04	0,00	4,00	1,00	5,00
ESMERALDA	CO-4-1699	5,00	0,00	0,00	5,00
PESCADORA	CO-1-1582	0,00	4,00	1,00	5,00
PLAYA DE AROU	CO-4-1398	5,00	0,00	0,00	5,00
CHAMO	CO-4-1-18	0,00	3,92	1,00	4,92
ZEUS	VI-8-2-95	0,00	4,00	0,00	4,00
DOS CUÑADOS	CO-4-1377	0,00	1,36	2,00	3,36
PLATEIRAS	CO-4-5-06	0,00	0,60	2,00	2,60
CHICHA	CO-4-1261	0,00	0,00	2,00	2,00
PRIXELO	CO-4-1040	0,00	0,00	2,00	2,00
SARA	CO-4-1947	0,00	0,00	2,00	2,00
AMABLE	CO-4-1026	0,00	0,20	1,00	1,20
MAR DE ALMA	CO-4-2-05	0,00	1,20	0,00	1,20
ALBER	CO-4-1904	0,00	0,00	1,00	1,00
AZOR UNO	CO-4-1-98	0,00	0,00	1,00	1,00
CONSUELO	CO-4-566	0,00	0,00	1,00	1,00
SANTA MARÍÑA	CO-4-5-05	0,00	0,00	0,00	0,00

Para as embarcacións que figuran empatadas coa mesma puntuación, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. Aínda que para a utilización da lista en ofertas anteriores foi necesaria a realización de 2 sorteos, ao tratarse dun plan con nova vixencia e requirir dunha nova actualización da lista, xustifica que a orde de prelación non veña determinada polo indicado anteriormente. No caso de ser necesario, previamente á oferta de cotas ás ditas embarcacións, resolverase o empate por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.





Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Por ausencia (Resolución 13 de maio de 2024)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

